

A N U N C I O

O Pleno desta corporación en sesión de data 5 de xuño de 2014 prestou aprobación inicial a Ordenanza municipal reguladora do servizo de Taxi do Concello de Baiona. O expediente sométese á exposición ó público na Secretaría do concello polo prazo de 30 días ós efectos de que os interesados presenten as reclamacións que consideren oportunas en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/85, do 2 de abril de bases de réxime local.

Baiona, 6 de xuño de 2014.—O Alcalde, Jesús Vázquez Almuíña.

2014005594**A N U N C I O**

En sesión del Pleno del Ayuntamiento de Baiona de 5 de junio de 2014, se adopta acuerdo de aprobación provisional de los expedientes de modificación de las siguientes Ordenanzas Fiscales:

- Ordenanza Fiscal nº 1 reguladora de la tasa por expedición de documentos administrativos.
- Ordenanza fiscal nº 4 reguladora de la tasa por el inicio de actividades y verificación de establecimientos.
- Ordenanza Fiscal nº 6 reguladora de la tasa por tasa por el otorgamiento de licencias urbanísticas u otros procedimientos de intervención urbanística.

Por lo que se anuncia la exposición al público del expediente de modificación de las citadas Ordenanzas Fiscales, por un plazo de 30 días hábiles, de conformidad con lo previsto en el artículo 17 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobada por Real Decreto Legislativo 2/2.004 de 5 de marzo, al objeto de que los interesados que lo estimen oportuno puedan presentar reclamaciones y sugerencias a las mismas.

Baiona, a 6 de junio de 2014.—El Alcalde, Jesús Vázquez Almuíña.

2014005321

* * *

O G R O V E

**CONVOCATORIA DE SOLICITUDES PARA ADXUDICAR 26 LICENZAS
DE VENDA AMBULANTE NO MERCADO SEMANAL DO CONCELLO DO GROVE**

1.—OBXECTO:

- a) Adxudicación de 26 licenzas para exercer a actividade de venda ambulante no mercado semanal do Concello do Grove nos postos sinalados no Anexo I das bases da convocatoria.
- b) *Organismo*: Concello do Grove.
- c) *Dependencia que tramita o expediente*: Secretaría.
- d) *Enderezo*: Rúa Cándido Acuña 3, (36980) O Grove.
- e) *Obtención de documentación e información*: O prego de condicións aprobado para adxudicar as licenzas pode ser consultado no taboleiro de edictos do Concello do Grove e na páxina web municipal, www.concellodogrove.com

2.—REQUISITOS DOS SOLICITANTES:

- a) Estar dado ou dada de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e, no seu caso, no imposto de actividades económicas.
- b) Cumprir cos requisitos das regulamentacións de cada tipo de produtos.

- c) Estar en posesión, se é o caso, do certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de manipulación de alimentos.
- d) Satisfacer as taxas e os tributos fixados na correspondente ordenanza municipal.
- e) Dispoñer dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles, se se tratase de persoas estranxeiras.
- f) As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes extremos: o CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.
- g) Dispoñer de seguro de responsabilidade civil.

3.—*PRESENTACIÓN DE OFERTAS E DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN:*

- a) Data límite de presentación. 8 días hábiles a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra
- b) Modalidade de presentación. Se a solicitude non se presenta no rexistro xeral do Concello do Grove é obrigado enviar por fax un xustificante de envío dentro do prazo de presentación.
- c) Lugar de presentación:
 - 1.) *Dependencia:* Rexistro xeral.
 - 2.) *Domicilio:* Rúa Cándido Acuña, 3
 - 3.) *Localidade e código postal:* O Grove (36980)
 - 4.) *Fax para xustificar o envío se non se presenta no rexistro xeral:* 986731358.

4.—*SELECCIÓN DOS SOLICITANTES:*

- a) A selección realizarase por sorteo, para ser adxudicatario/a dunha licenza e obrigatoria a asistencia ao acto do sorteo persoalmente ou mediante representante acreditado por escrito.
- b) *Dirección:* Casa do Concello, Praza do Corgo, 1
- c) *Localidade:* O Grove
- d) *Data e hora:* Ás 12 horas do quinto día hábil seguinte ao de remate do prazo de presentación de solicitudes.

O Grove, 23 de xuño de 2014.—O Alcalde, Miguel Angel Pérez García.

2014005817

* * *

L A L Í N

DECRETO DA ALCALDÍA

Con data 24 de abril de 2014 a Xuíza Encargada do Rexistro Civil de Lalín ditou Auto no expediente governativo sobre solicitude para a celebración de matrimonio civil, seguido baixo o número 27/2014 (rexistro de entrada nº 2638 de 6 de maio), autorizando a celebración de dito matrimonio entre D. JOSÉ SOTO BLANCO (DNI 76824661-S) e D^a. ADELA GULÍAS GONZÁLEZ (DNI 77405721-A), a celebrar o vindeiro día 14 de xuño de 2014 e delegando no Sr. Alcalde ou Concelleiro do Excmo. Concello de Lalín para que reciba o consentimento matrimonial.

En base ao anteriormente exposto e de conformidade co disposto nos artigos 49 e 51 do Código Civil, 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e 43.3 do Real Decreto 25/68/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídica das entidades locais,